



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 28 de febreiro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (expediente IN407A 2019-60AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "MODIFICACIÓN CENTRO DE SECCIONAMIENTO TERMAS B 13066, NS 61848 TESLA SPAIN PUNTO DE RECARGA VEHICULO ELECTRICO AS TERMAS (LUGO)"
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:
 - Modificación do Centro de Seccionamento Termas B 13066, consistente na instalación dunha nova cela de interruptor automático para saída de liña a CT Particular, recrido de bancada para soporte de celas de media tensión e instalación de novas pontes de media tensión entre o transformador e as celas.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 28 de febreiro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0556

*Anuncio***Resolución do 28 de febreiro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Alfoz. (expediente IN407A 2019-39AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA DEL CTI 5017 CASTRO Y DE LA RBT AÉREA EXISTENTE"
- Situación: concello de Alfoz
- Características técnicas:
 - Substitución de transformador existente no CTI 5017 Castro por un de 160 Kva.
 - Substitución de 350 m de RBT aérea, a condutor RZ 150 e de un apoio de formigón.
 - Tendido de 200 m de nova RBT aérea en condutor RZ150 e instalación de dous apoios de formigón.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía **eléctrica**, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 28 de febreiro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0557

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio***CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido un erro no Boletín Oficial da Provincia do día 5 de marzo de 2020, polo que se aproba definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF).

Onde di:

"O Alcalde do Concello de Alfoz, mediante Decreto da Alcaldía nº XX de data 26 de febreiro de 2020 resolveu:"

Debe dicir:

“O Alcalde do Concello de Alfoz, mediante Decreto da Alcaldía nº 120 de data 26 de febreiro de 2020 resolveu:”
Alfoz, 5 de marzo de 2020.- Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0558

BÓVEDA

Anuncio

APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS PARA OS EXERCICIOS 2020 a 2025

O Pleno do Concello de Bóveda, en sesión ordinaria celebrada en data 30/12/2019, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicios 2020 a 2025, polo que en cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, faise público para xeral coñecemento.

Contra este acordo cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia na forma e os prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

“A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións -LXS-, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa variedade de instrumentos que se articulan na lei, redundada de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións -LXS-, establece que os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun Plan Estratéxico de Subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Á súa vez, a Disposición Final Primeira da devandita lei establece que o referido artigo ten carácter básico, resultando de aplicación a todas as Administracións Públicas.

Por tanto, en cumprimento da devandita norma, é necesario elaborar polo Concello un Plan Estratéxico de Subvencións, que terá carácter previo á concesión das mesmas e unha duración plurianual. No Plan Estratéxico contémpanse as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir co outorgamento das subvencións e a súa fonte de financiamento.

Visto o informe emitido polo Secretario Municipal.

Visto o informe emitido polo Interventor Municipal.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o pleno da corporación, por cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e tres abstencións do Grupo Municipal Socialista,

ACORDA

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Bóveda, para os exercicios 2020 e 2025, que é do seguinte tenor literal:

« PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS PARA OS EXERCICIOS 2020 a 2025

PREÁMBULO

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións -LXS-, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa variedade de instrumentos que se articulan na lei, redundada de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

O artigo 8.1 LXS establece que os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun Plan Estratéxico de Subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

No mesmo senso dispón o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que é de aplicación ás entidades locais de Galicia, recolle dita obriga.

Á súa vez, a Disposición Final Primeira LXS dispón que o referido artigo ten carácter básico, resultando de aplicación a todas as Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os plans estratéxicos conterán

previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Declarada a constitucionalidade do citado artigo 8.1 LXS, mediante Sentenza do TC de 4 de xuño de 2013; procede aplicar respecto de devandito artigo a xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo (Sentenzas de 4 de decembro de 2012, de 26 de xuño de 2012, de 28 de xaneiro de 2013, de 28 de xaneiro de 2013; de 16 de abril de 2013), que considera que devandito precepto ten carácter básico e chega ás seguintes conclusións:

- O Plan Estratéxico ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención; e o precepto é imperativo e categórico, sendo un requisito esencial e previo á regulación da subvención, de tal forma que require unha formalización ou instrumentalización externa.

Conforme ao disposto artigo 11 do citado RLXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio.

Por iso, o Concello de Bóveda aproba o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2020-2025, cuxo articulado figura a continuación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

A concesión de subvencións polo Concello de Bóveda durante o período 2020-2025 axustarase ao disposto no Regulamento Xeral Regulador da Concesión de Subvencións do concello de Bóveda, e ao presente Plan Estratéxico.

Artigo 2

A concesión de subvencións requirirá a inclusión previa das consignacións correspondentes nos Orzamentos Municipais de cada ano e a aprobación das Convocatorias que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

A concesión de subvencións queda supeditada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en todo momento aos devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do presente Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, os cales non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Publicidade e libre concorrència mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.

- - Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- - Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
 - Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

CAPÍTULO II. BENEFICIARIOS

Artigo 6

-Os programas de subvencións quedarán condicionados á existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.

-Con carácter previo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas (convenios), deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias do Concello de Bóveda e no Regulamento Municipal de Concesión de Subvencións.

- De forma previa ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión.

Artigo 7

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

CAPÍTULO III.- OBXECTIVOS, EFECTOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIONES**Artigo 8**

O Concello de Bóveda establecerá anualmente subvencións nas seguintes materias:

- - Infancia e Mocidade.
- - Igualdade e Muller.
- - Maiores.
- - Benestar Social.
- - Cultura.
- - Educación.
- - Emprego e inserción laboral.
- - NTIC e inclusión da cidadanía na sociedade dixital.
- - Promoción Económica, dinamización empresarial e innovación.
- Deportes.
- - Medio Ambiente, Urbano e Rural
- - Dinamización e promoción forestal dos montes das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- - Turismo.

Artigo 9

Obxectivos: Infancia e Mocidade

Efectos: o Concello de Bóveda, durante o período de vixencia do presente Plan, poderá subvencionar actividades e programas cuxos efectos repercutan en:

- - De lecer e tempo libre integradoras e accesibles a todos/as.
- - Que promocionen valores de solidariedade, paz, tolerancia, coeducación...
- - Que fomenten a participación de nenos/as e mozos na vida asociativa das organizacións xuvenís.
- - De carácter lúdico-recreativas alternativas e saudables.
- - De apoio escolar.

Artigo 10

Obxectivo: En materia de Igualdade e Muller

Efectos: o Concello de Bóveda, durante a vixencia do presente Plan, poderá subvencionar economicamente programas e servizos cuxos efectos repercutan en:

- - Promover a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.
- - Diseñar e realizar campañas de información, sensibilización e prevención da violencia de xénero, fomentando a igualdade de oportunidades
- - Facilitar a integración social e laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero
- - Atender a mulleres e aos seus fillos vítimas de violencia de xénero.
- - Desenvolver programas para previr e eliminar as condutas de violencia física e psicolóxica cara ás mulleres nos homes violentos.
- - Promover proxectos para a normalización respecto da homosexualidade, transexualidade e bisexualidade.
- - Formar aos profesores, familias e profesionais en materia de igualdade.

Artigo 11

Obxectivo: En materia de Maiores

Efectos: o Concello de Bóveda, durante o período de vixencia do presente Plan, poderá subvencionar actividades e servizos cuxos efectos repercutan en:

- - Mellorar a calidade de vida das persoas maiores asistíndolles segundo as súas necesidades.
- - Fomentar e facilitar a participación das persoas maiores en actividades lúdico-recreativas, sobre todo daquelas que vivan soas ou teñan dificultades de acceso a estas actividades por motivos de mobilidade reducida.
- - Fomentar e facilitar espazos de encontro interxeneracional.
- - Promover a presenza das persoas maiores nos diferentes movementos asociativos, así

Artigo 12

Obxectivo: En materia de Benestar Social

Efectos: o Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións para actividades, servizos e programas que cuxos efectos repercutan en:

- - A atención integral de persoas e colectivos en risco de exclusión social.
- - A integración social de persoas inmigrantes.
- - Atender, acompañar e mellorar a calidade de vida das persoas enfermas con limitación de autonomía, así como ás súas familias e persoas cuidadoras.
- - Mellorar a calidade de vida, potenciar a autonomía e facilitar a participación social das persoas con discapacidade, así como atender as necesidades das súas familias e persoas cuidadoras.

Artigo 13

Obxectivo: En materia de Cultura

Efectos: o Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - Apoiar iniciativas culturais no ámbito do teatro, cinema, danza, música...
- - A organización e realización de actividades, talleres, ensinós e eventos que contribúan á difusión da cultura tradicional, étnica, folclórica...
- - A conservación, restauración ou reparación do patrimonio histórico local.
- - A conservación e difusión dos valores ecolóxicos do medio natural de Bóveda.
- - Execución e promoción de actos tradicionais no ámbito local.
- - O desenvolvemento de actividades accesibles a todos os colectivos.
- - Actos que contribúan ao coñecemento xeneralizado de temas de interese e actualidade.

Artigo 14

Obxectivo: En materia de Educación

Efectos: O Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, axudas cuxos efectos repercutan en:

- - O desenvolvemento de actividades educativas e extraescolares de calidade e accesibles a todos/as.
- - Bolsas de axuda para matrícula no Punto de Atención á Infancia
- A posta en marcha de servizos educativos complementarios e integradores.
- - O fomento da participación de pais e nais nas actividades dos centros escolares.
- - A asistencia e participación da comunidade escolar en eventos culturais e visitas a centros, museos e lugares de interese.

Artigo 15

Obxectivo: En materia de Emprego e inserción laboral (Promoción Económica e Emprego)

Efectos: O Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - Facilitar a incorporación ao traballo de colectivos en situación de desemprego e en risco de exclusión social, a través de axudas á contratación (Axudas Cheque Emprego).

- - Promocionar o emprego de persoas en situación de risco social en entidades sen ánimo de lucro do concello.
- - Desenvolver accións de orientación laboral, procura e creación de emprego para persoas con dificultades obxectivas e subxectivas de contratación.

Artigo 16

Obxectivo: En materia de Fomento das Novas tecnoloxías da información e a comunicación -NTIC- e inclusión da cidadanía na sociedade dixital (Promoción Económica e Emprego)

Efectos: O Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - A Difusión, o coñecemento e o uso de lles NTIC entre a cidadanía, pymes e micropymes.
- - A difusión e uso dos servizos públicos dixitais.

Artigo 17

Obxectivo : En Promoción Económica, dinamización empresarial e innovación (Promoción Económica e Emprego)

Efectos: O Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - A creación de novas empresas e o autoemprego a través de axudas á creación de empresas (Axudas para o fomento do emprego autónomo)..
- - A dinamización do sector empresarial do concello así como a mellora da calidade dos servizos a empresas instaladas no municipio.
- - O impulso á creación de empresas innovadoras e/ou de base tecnolóxica.
- - O fomento da innovación nas empresas, o estímulo e a aceleración da actitude emprendedora dos mozos en sectores innovadores e o fomento da cultura da innovación e da creatividade na cidadanía.

Artigo 18

Obxectivo: En materia de Deportes

Efectos: O Concello de Bóveda poderá prover subvencións, durante o período de vixencia do presente Plan, cuxos efectos repercutan en:

- - A impartición de ensinós e técnicas deportivas.
- - A difusión e promoción entre a poboación infantil e xuvenil dos valores deportivos (compañeirismo, afán de superación, respecto ao adversario, etc.)
- - A participación de equipos locais en competicións federadas.
- - A organización e desenvolvemento de eventos deportivos de gran nivel competitivo en Bóveda.
- - A participación en competicións deportivas de alto nivel.
- - Organización e/ou desenvolvemento de actividades deportivas:
 - a) tradicionais
 - b) de carácter, lúdico ou de saúde
 - c) de carácter popular

Artigo 19

Obxectivo: En materia de Medio Ambiente, Urbano e Rural

Efectos: O Concello de Bóveda poderá establecer, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - Desenvolver accións de sensibilización e información sobre o medio ambiente, especialmente no referente ás vías pecuarias e resto de camiños, os arrosos e zonas húmidas, os parques e xardíns, o arboledo viario, os residuos, a agricultura ecolóxica, o uso eficiente da auga e a enerxía e calquera outro que teña relación coa Axenda 21 local.
- - Realizar proxectos que melloren o medio ambiente do noso municipio, tanto urbano como rural, tales como rehabilitación e/ou acondicionamento de fachadas, repoboacións e plantacións populares, control de niños de vespas velutinas, agricultura ecolóxica, compostaxe de residuos, uso da bicicleta como transporte sustentable, e calquera outro que teña relación coa Axenda 21 local.

- - Axudar economicamente a aqueles caserios illados ao sostemento económico dos custes de iluminación dun punto de iluminación na entrada de acceso aos mesmos, no caso de non contar co servizo de alumeadado público.

Artigo 20

Obxectivo : Dinamización e promoción forestal das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

É preciso recoñecer a aportación dos montes veciñais nas súas múltiples vertentes: social, económica e ambiental. Dada a necesidade que ten a valorización do monte como elemento de creación de emprego e de xeración de riqueza, o Concello de Bóveda quere contribuír coas comunidades de montes á hora de acadar a mellora da calidade de vida no rural e da mellora do aproveitamento integral dos montes veciñais

O monte veciñal debe ser un dos principais motores do emprego local e, neste senso, as Comunidades Veciñais teñen nas súas mans dirixir a segunda fase do ciclo produtivo, a transformación industrial do amplo número de recursos que ofrece o bosque.

O obxectivo non é exclusivamente mellorar a explotación forestal e a da biomasa, senón tamén compatibilizar cos usos do aproveitamento gandeiro (mediante proxectos silvopastorís), producir cogomelos, castañas ou outro tipo de froitos do bosque e potenciar zonas recreativas e rutas de sendeirismo que profundicen no coñecemento do noso contorno, á parte de programas de educación ambiental dirixidos aos máis pequenos.

Neste senso, e tendo en conta que parte dos Montes en Man Común do noso termo municipal, foron expropiados parcialmente para a execución de infraestruturas de viais de comunicación, no tempo que eran de titularidade municipal deste concello de Bóveda, e que o importe de ditas expropiacións ingresaron na Facenda Municipal, a Corporación municipal de Bóveda considera que ditos ingresos deben dirixirse a acadar os obxectivos precitados, de mellora ambiental, protección e xeración de riqueza dos montes afectados, que actualmente han pasado á titularidade veciñal, mediante a concesión de subvencións ás Comunidades Veciñais xestoras dos montes que sufriron as expropiacións.

Tendo en conta o importe das devanditas expropiacións e a capacidade de xestión doas comunidades veciñais de montes en man común, a tramitación de determinados procedementos administrativos (Elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, Inscripción dos Montes veciñais no Rexistro Galego de Montes Ordenados) considerase procedente que este obxectivo se contemple a un prazo de cinco ou mais anos.

Efectos: O Concello de Bóveda establecerá, coa prioridade determinada pola orde en que figuran neste apartado, durante o período de vixencia do presente Plan, subvencións cuxos efectos repercutan en:

- - Elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestal redactados por técnicos competentes en materia forestal, seguindo as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia, e aprobación do mesmo pola administración competente, de conformidade ao disposto na Ley 7/2012, de 28 de junio, de montes de Galicia.
- Inscripción dos Montes veciñais no Rexistro Galego de Montes Ordenados,
- Creación de infraestruturas para a conservación, defensa contra incendios e aproveitamento do montes.
- Fomento da actividade forestal, entendida como toda acción material relativa á conservación, mellora e aproveitamento dos montes -tanto madeireiros como non madeireiros-, pastos, caza, cogomelos, aromáticas, froitos etc., así como a subministración de servizos como o sociorrecreativo, paisaxe, protección dos recursos hídricos, do aire e do solo e da cultura e do coñecemento forestal.
- - O fomento da creación de emprego a través de axudas á creación de empresas (Axudas para o fomento do emprego autónomo).
- - A dinamización do sector forestal do concello así como a mellora da calidade dos servizos a empresas instaladas no municipio.
- - O impulso á creación de empresas innovadoras e/ou de base tecnolóxica.
- - O fomento da innovación nas empresas, o estímulo e a aceleración da actitude emprendedora dos mozos en sectores innovadores e o fomento da cultura da innovación e da creatividade na cidadanía.

Artigo 21

Obxectivo: En materia de Turismo

Efectos: O Concello de Bóveda establecerá, durante o período de vixencia do presente Plan subvenciones cuxos efectos repercutan na promoción do concello:

- - Apoio a deportistas locais que contribúen a difundir a imaxe do noso municipio nas diversas competicións nas que participan.
- Apoio a asociacións que contribúen a difundir, no exterior do concello, a imaxe do noso municipio nas diversas actividades que organicen.

CAPÍTULO IV. FINANCIAMENTO**Artigo 22**

O financiamento das subvencións que conceda o Concello de Bóveda levará a cabo con fondos propios, con cargo ao Capítulo IV dos Orzamentos de Gastos Municipais dos exercicios correspondentes.

Os custos previsibles para atender as previsións do presente Plan para cada exercicio determinaranse nos orzamentos do correspondente ano.

Con carácter xeral, para todo tipo de subvencións que se concedan polo Concello de Bóveda, o prazo de desenvolvemento destas actuacións será sempre anual, sen prexuízo daquelas actividades que se consoliden no tempo, ou cuxa actuación necesite un prazo maior ao exercicio anual, nese caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a ordenanza.

CAPÍTULO V. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN**Artigo 23**

Anualmente porase a disposición da Comisión de Asuntos do Pleno un resumo obxectivo dos resultados da acción subvencionadora municipal.

Artigo 24

O control financeiro dos programas subvencionados está encomendado á Intervención Xeral Municipal, que respecto diso analizará as datas reais de pago dos importes subvencionados con relación ás datas previstas en cada expediente, así como os medios de pago utilizados e a correcta xustificación dos extremos requiridos a cada beneficiario para a obtención da subvención.

A Intervención Xeral poderá elaborar os modelos de xustificación de subvencións que faciliten a fiscalización das mesmas.

CAPÍTULO VI. LIÑAS DE ACTUACIÓN SECTORIAL

Acompáñase anexo que ordena as subvencións previstas presupostariamente baixo os seguintes criterios:

- Concedente: Baixo este criterio especificase o concreto departamento, Sociedade ou Organismo xestor da subvención.

